



INSTALACIÓN DOS PANEIS DIXITAIS INTERACTIVOS NOS CENTROS EDUCATIVOS: PAUTAS E RECOMENDACIÓNS

De cara á instalación dos paneis dixitais interactivos nos centros educativos e co fin de facilitar este proceso, cómpre ter en conta a seguinte información:

EQUIPAMENTO A INSTALAR:

- **Panel interactivo de 75 polgadas** (1709.1×1019.5×85.7mm):
 - Modelo TafelTech L75EG, resolución 4K Android 11, 4GB RAM, 32GB almacenamento interno.
- **Módulo OPS** (PC integrado na parte posterior da carcasa do panel):
 - Procesador i5, RAM 16 GB, 256 GB SSD).
- **Webcam.**
 - MaxHub UC W11
- **Teclado con touchpad sen fíos.**
 - Logitech K400 Plus.

CONSIDERACIÓNS XERAIS:

- Os paneis dixitais interactivos veñen a substituír os tradicionais kits de aula dixital compostos por unha pizarra dixital interactiva, un videoproxector, un ordenador de aula e altofalantes, xa que integran completamente as funcionalidades anteriores e supoñen unha mellora significativa das mesmas. Destaca a **calidade do trazado de escritura** neste dispositivo e a precisión da función táctil.
- O panel interactivo permite o traballo de xeito **autónomo** sen necesidade de conexión a dispositivos externos:
 - En modo **Android**, como un **dispositivo móbil** de 75 polgadas.
 - En modo **OPS**, como un portátil/PC conectado internamente á pantalla do panel.
- Con independencia do anterior, o panel permite o traballo con **dispositivos externos conectados ás diferentes fontes de entrada HDMI** ou incluso mediante **duplicación de pantalla sen fíos (dispositivos móbiles)**.
- Por todo o anterior, **recoméndase empregar o panel como elemento principal da aula**, nunha posición central que permita a visualización desde todos os ángulos. En calquera caso será o centro quen decida o lugar onde colocalo.
- Con carácter xeral a instalación realizarase ancorando o panel á parede, de xeito que a parte inferior do mesmo coincida en altura coa parte inferior do encerado ou dispositivo de proxección existente na aula, agás indicación expresa do centro en canto á altura.



- **Recoméndase acordar coa persoa asesora Abalar de Zona da AMTEGA ou cos equipos de instalación o lugar e a altura de instalación para cada aula.** Non se realizarán cambios de ubicación/altura unha vez instalados.
- A única excepción ao anterior será no caso de paredes que non sexan de ladrillo, que recibirán unha solución diferente en función do tipo de parede e circunstancias.

NOTIFICACIÓN PREVIA DA DATA DE INSTALACIÓN:

- A persoa asesora Abalar de Zona da AMTEGA e os equipos de instalación poranse en contacto co centro educativo coa antelación suficiente para planificar as actividades lectivas do alumnado afectado, no momento que se produce a instalación, nunha ubicación diferente.
 - Na medida do posible e para interferir o mínimo reducindo os tempos de instalación, recoméndase a retirada previa por parte do centro de elementos como estanterías, perchas, adornos ou calquera outro elemento similar que estivesen no lugar onde se vai colocar o panel e puidesen interferir na correcta colocación do panel.

SOBRE O PROCESO DE INSTALACIÓN DO PANEL:

- Os equipos de instalación **desmontarán** unicamente **os elementos necesarios** para a instalación dos paneis dixitais interactivos e **reinstalarán na mesma aula**, de ser o caso, só a pizarra branca de rotulador ou de xiz existente.

INFORMACIÓN NECESARIA PARA A CONFIGURACIÓN DA CONEXIÓN A INTERNET:

- Para a configuración da conexión cableada de rede, serán precisos para cada panel **dous enderezos IP** do rango do centro (un para Android e outro para o módulo OPS).
 - Será **responsabilidade do centro facilitar ditos enderezos IP** aos equipos de instalación o día no que comecen a colocación dos paneis no centro.
 - Se o centro conta con servizo de asignación automática de enderezos IP, (servizo DHCP), non será preciso facer nada.
- No caso da conexión sen fíos **edu.xunta.gal**, será **responsabilidade do centro crear previamente unha conta de dispositivo para cada panel** e facilitar as credenciais aos equipos de instalación.
 - A persoa directora do centro ten os permisos necesarios para a creación de contas de dispositivo desde a plataforma contausuario. A documentación para crear estas contas está recollida na seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/centros/abalar/aulavirtual/course/view.php?id=124>



SOBRE A CONEXIÓN DO PANEL A INTERNET:

- Os equipos de instalación dos paneis **non instalarán en ningún caso rosetas de rede ou puntos wifi.**
 - A instalación dos paneis é independente da existencia ou non de conectividade na aula.
 - En caso de non dispor de rosetas de rede ou de cobertura wifi na aula é necesario transmitir esta información á persoa asesora Abalar de zona da AMTEGA para xestionar e abordar esta actuación.
- En caso de existir conectividade unicamente por cable ou unicamente por wifi na aula, os equipos de instalación configurarán o acceso coa información facilitada polo centro.
- En caso de existir conectividade por cable e por wifi na aula, os equipos de instalación configurarán preferentemente a conexión subministrando o **cableado de rede necesario** para conectar o panel á roseta de datos. Nestes casos cómpre ter en conta o seguinte:
 - Un único cable de rede dá servizo tanto ao módulo Android como ao módulo OPS do panel.
 - O cable de rede conectarase a unha roseta libre existente na aula.
 - No caso de non existir ningunha roseta libre na aula por estar xa ocupadas por outros dispositivos, os equipos de instalación conectarán o cableado de rede desde a roseta ao panel garantindo en todo caso a conexión a internet por cable do dispositivo.

SOBRE A CONEXIÓN DO PANEL Á REDE ELÉCTRICA:

- Os equipos de instalación subministrarán o **cableado eléctrico necesario** para conectar o panel a unha toma eléctrica existente na aula.
- Os equipos de instalación **en ningún caso instalarán novas tomas eléctricas** na aula.

RESULTADO FINAL DA INSTALACIÓN:

Ao remate do proceso de instalación, os paneis interactivos deberán quedar completamente **operativos**, incluídos o teclado e a webcam, para funcionar directamente tanto en modo Android como en modo PC a través do módulo OPS incorporado na propia carcasa do panel, con **conexión a internet** en ambos casos (agás que a aula non teña posibilidade de conexión a internet, tal e como se indicou con anterioridade).

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA:

- O módulo **OPS** (PC integrado no panel) distribúese coa **maqueta Abalar libre.**
- No seguinte espazo web recóllense as preguntas e respostas máis frecuentes (FAQs) sobre os paneis dixitais interactivos:



<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?t=1OYZL3euNRpylx4tHiwE>

LIMPEZA DA PANTALLA DO PANEL:

Recomendacións para asegurar unha correcta limpeza e desinfección da superficie da pantalla táctil do panel sen causar danos:

- **Apagar** o sistema e **desconectalo** da toma de **corrente**.
- **Humedecer o pano de microfibra** coa solución ou produto de limpeza. En ningún caso debe aplicarse a solución de limpeza directamente sobre a pantalla
- Limpar a superficie da pantalla con **movimentos circulares suaves** para eliminar a sucidade e os residuos do cristal táctil.
- Utilizar un **pano seco de microfibra** para secar suavemente a pantalla.
- Unha vez efectuados os pasos anteriores volver a **conectar** a alimentación eléctrica do panel.

MATERIAL TECNOLÓXICO RETIRADO DAS AULAS PARA A INSTALACIÓN DOS PANEIS:

- En relación co material retirado da aula para a instalación dos paneis dixitais interactivos cómpre distinguir entre:
 - **Material adquirido** polo propio centro: queda sempre no centro.
 - **Material subministrado pola Administración:** A persoa Abalar de Zona da AMTEGA informará ao centro educativo sobre a posible reutilización deste material. En calquera caso será o centro quen decida se queda co material ou é retirado polos equipos de instalación.

EN CASO DE CONSULTAS OU DÚBIDAS:

- Contactar coa persoa **asesora Abalar de zona da AMTEGA** correspondente ao centro educativo.
 - Datos de contacto: <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/asesoramento-e-soporte-abalar/datos-de-contacto>
 - Áreas xeográficas: <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/asesoramento-e-soporte-abalar/areas-xeograficas>